

SABELA II
1833-1868

MAIORÍA DE IDADE
1843-1868

DÉCADA MODERADA

- A raíña gobernou apoiándose en políticos moderados (**Narváez, O'Donnell**), que actuaron de acordo cos intereses da alta burguesía e da aristocracia.
- As novas Cortes elaboraron a **Constitución de 1845***, moderada, que estableceu:
 - A Soberanía compartida entre o rei e as Cortes
 - Supremacía da Coroa:
 - Ten o poder executivo
 - Comparte o poder lexislativo coas Cortes
 - Nomea libremente ao goberno
 - Designa aos senadores
 - Poder de suspender, disolver, e convocar as Cortes, sen limitación
 - Participación política dos cidadáns moi limitada, cun sufraxio censatario moi limitado
 - Restrición das liberdades individuais (liberdade de imprenta, pero con censura previa)
 - Cuestión relixiosa: a relixión católica é a do Estado (confesionalidade)
- Leváronse adiante outras medidas:
 - **Creación da Garda Civil** (1844): Nova institución militar baixo as ordes do Goberno, substituída á Milicia Nacional. Obxectivos:
 - controlar as masas populares
 - manter a orde pública
 - reprimir as alteracións sociais
 - asegurar a defensa da propiedade
 - **Nova Lei de Concellos** (1845): O goberno nomeaba aos alcaldes das capitais de provincia e nas cabezas de partidos xudiciais (de máis de 2000 veciños) ou o gobernados nos máis pequenos. Limitación da competencias municipais e das Deputacións. **Reforzo do centralismo.**
 - **Lei electoral** (1845): tiña dereito ao voto o 0,8% da poboación. Voto restrinxido.
 - **Reforma tributaria**: baseada nos principios de obrigatoriedade e proporcionalidade. Impostos director e indirectos. Mal recibida por comerciantes e industriais, sobre todo polas clases populares (impostos indirectos): **motíns contra os consumos.**
 - **Concordato*** (1851): aceptación por parte de Roma das vendas da **Desamortización*** a cambio do mantemento da relixión católica como oficial e única do Estado, a educación conforme á doutrina católica, defensa da pureza das costumes por parte das autoridades relixiosas e dotación para o culto e o clero

GALICIA: 1846, pronunciamiento dos progresistas en Lugo (Miguel Solís), seguiron outros noutras cidades. Os revolucionarios establecen unha Xunta Superior de Galicia en Santiago, da que foi secretario Antolín Faraldo. As tropas sublevadas foron derrotadas e Solís e outros oficiais foron executados (Martíres de Carral).

Este feito ten significación para a historia de Galicia, nas peticións aparecen os primeiros trazos do **provincialismo*** e das reivindicacións especificamente galegas.

CATALUÑA: Sublevación dos carlistas (2ª guerra carlista: 1846-1849): sublevación dos campesiños, que protestaban pola crise agraria, a subida dos impostos, o recrutamento para o exército. Tamén defendían os dereitos de Don Carlos ao trono. Represión.

- O descontento foi en aumento, inclusive entre os moderados, polo carácter ultramoderado do goberno. Conspiración de moderados e progresistas. **VICALVARADA: DERROCAMENTO DO RÉXIME.**

BIENIO PROGRESISTA
(1854-1856)

DÉCADA MODERADA-UNIONISTA
1856-1868

**P
R
O
N
U
N
C
I
A
M
E
N
T
O
S

R
A
D
I
C
A
I
S**